


## EMPRESAS DE GALICIA E PORTUGAL ACCEDERÁN A 'CLOUDS' DE SUPERCOMPUTACIÓN



O Centro de Supercomputación de Galicia, en colaboración co centro tecnolóxico galego AIMEN e cos portugueses CATIM e AIMMAP, abriu para as pequenas e medianas empresas de Galicia e o Norte de Portugal, a plataforma de computación científico-técnica de alta capacidade CloudPYME. Baseada en tecnoloxías de última xeración, está para satisfacer as necesidades computacionais das firmas da Eurorexión á hora de desenvolver os seus produtos.

A simulación numérica é unha ferramenta fundamental para a competitividade de moitas empresas, facilitando a xeración de novos produtos robustos e con gran calidade e reducindo os custos do seu desenvolvemento. Habitualmente, a empresa que xa utiliza a simulación, emprega a súa propia infraestrutura informática, bloqueando a mesma para outras tarefas necesarias ou limitando o número de ensaios. A nova plataforma elimina estes inconvenientes, abrindo tamén a

posibilidade de utilizar simulación numérica a aquelas empresas que aínda non a utilizan nos seus procesos de innovación, incrementando a súa competitividade.

### Probas sen custo

O proxecto dá a oportunidade de probar a plataforma de forma sinxela, por un tempo limitado, e sen ningún custo pola súa utilización. A plataforma permítelles ás empresas conectarse á infraestrutura tecnolóxica instalada no CESGA e ensaiar cos seus prototipos virtuais baixo demanda á medida das súas necesidades, de forma segura e fiable. Ofrece o acceso a software de código aberto para deseño e enxeñería asistidos por computador (CAD e CAE), que se adapta ás necesidades das empresas que desenvolven novos produtos.

Con todo, permite a instalación doutro software de cálculo ou análise de datos que as

firmas necesiten para innovar. Xa pode solicitarse o acceso a través de [www.cloudpyme.eu](http://www.cloudpyme.eu).

CloudPYME ten o respaldo dunha infraestrutura de computación estable, formada por máis de 1.200 procesadores e 31.000 GB de espazo en disco, de tal forma que a empresa usuaria poida facer aqueles ensaios virtuais que considere necesarios sen limitarse por falta de capacidade. O proxecto está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do **Programa Operativo de Cooperación Transfronteira España-Portugal 2007-2013 (POCTEP)**. Proxecto 0448\_CLOUDPYME\_1\_E

**A PLATAFORMA AXUDARALLES  
ÁS PEMES A SER COMPETITIVAS  
NUN MERCADO GLOBAL**



# GERMÁN RODRÍGUEZ: "PARA NÓS CLOUDPYME É UNHA OPORTUNIDADE PARA ENTENDER PROBLEMAS COMPLEXOS QUE HAI QUE ABORDAR CON SIMULACIÓNS"

## TEXAS CONTROLS

A firma galega Texas Controls, implantada na Coruña desde 1995, é unha das que probarán a fondo a plataforma CloudPYME para aprender como aplicar as capacidades de supercomputación nas súas tarefas cotiás. O director de operacións en Texas Controls na Coruña, Germán Rodríguez, explica que "imos aproveitar esta oportunidade para entender e profundizar en problemas do día a día que se presentan con certos materiais e en aplicacións críticas, o que non poderíamos facer se non fixeramos cálculo e simulación".

Como exemplo concreto, Rodríguez cita o estudo das dificultades que aparecen cando se utiliza un determinado tipo de unións bridadas nalgunhas instalacións industriais críticas como os Hidrocracker de moitas refinarias "e non se respectan as condicións preestablecidas ou previas de cargas sobre os materiais, pois o código de construción non recolle todas as posibilidades que poden presentarse en casos coma este, xa que simplifica o comportamento dos materiais, e non permite, cando os materiais son levados ó seu límite, predicir erros baixo condicións non previstas nestes".

A firma vai promover a formación do seu persoal no uso deste tipo de ferramentas "para xustificar as decisións que tomamos á hora desenvolver o noso traballo de enxeñería, o porqué deses cálculos, e poder predicir o que pode pasar a partir de experiencias pa-

sadas, o cal é moi importante para nós". En definitiva, explica Germán Rodríguez, trátase de "entender o fondo do problema e elevalo a un nivel científico, a un nivel superior, para logo ofertarlles estes cálculos ás empresas coas que traballamos, principalmente no sector enerxético e petroquímico".

O directivo recoñece que para unha PEME "o día a día manda e resulta moi complicado investigar, pero para nós é moi importante poder utilizar ferramentas moi potentes de cálculo e poder ter acceso a elas co soporte técnico de AIMEN e de CESGA, e teremos que experimentar con estes procesos ata que os interioricemos e os dominemos, de forma que o que agora nos pode levar unha semana ou dúas o fagamos en dous días".

Para Rodríguez, a participación de Texas Controls en CloudPYME ten unha vantaxe adicional, o uso de software de código aberto, pois "o uso do software comercial encarecería de máis estes cálculos".

### A FIRMA GALEGA FOI UNHA DAS PRIMEIRAS DO MUNDO EN FABRICAR EQUIPOS PARA A PROSPECCIÓN DO POTENCIAL EÓLICO DUNHA ZONA

Desde a súa fundación no ano 1995, a innovadora empresa coruñesa dedicase a prestarlle servizos á industria desde as súas distintas divisións de instrumentación, apertado e selado e prospección eólica. Texas Controls pódese considerar hoxe en día a única enxeñería de apertado e selado do noso mercado.

Nese ámbito, a empresa ofrece solucións a medida para a resolución de problemas na consecución de unións mecánicas e de proceso seguras e íntegras, ofrecendo "todo o necesario para que o sistema de produción dos nosos clientes ou proxectos non se deteñan".

Desde cálculos, deseño ou desenvolvemento de produtos de alta tecnoloxía, "a actitude de continuo desenvolvemento e melloras dos produtos e servizos, unida a unha atención especial ás necesidades dos mercados locais, asegura o liderato da empresa no futuro", indica Rodríguez.

A firma galega foi unha das primeiras do mundo en fabricar equipos para a prospección do potencial eólico dunha zona, e resume a clave do seu éxito nesta filosofía: "Desenvolver os mellores e máis completos equipos para a prospección eólica", pois pola súa experiencia as necesidades da industria actual só poden ser satisfeitas por fabricantes que estean preparados para investir en investigación e desenvolvemento.



Germán Rodríguez, director de operacións en Texas Controls, firma asentada na Coruña que participará nas probas do proxecto CloudPYME